A NOSA TERRA

AÑO LI — Buenos Aires, Maio - Xuño 1969 — Nº 511

# O FRACASO DE CAIN

Coa renuncia do Presidente do Centro Galego e o fato de iscariotes ousecuentes que con ele enteiraban a Xunta Direitiva xurdida das eleicións de 1966, remata unha das etapas mais negativas e degradantes que ten vivido a coleitividade galega da Capital arxentina. Veleiquí coroada polo mais resoante fracaso, a traicioneira maniobra entreguista xestada nos círculos reaicionarios da coleitividade hispana, orquestada polos representantes diplomáticos da dictadura centralista, pra poder asoballar o Centro Galego, a meirande entidade da nosa emigración pra usala como bandeirante do trasnoitado imperialismo mesetano, disimulado baixo o inocente teluo da filosofia da hispanidade, rémora secular, oposta a todo progreso e liberdade e sobor de todo, nemiga contumace de lles reconoscer ós povos diferenciados do conxunto peninsuar, os direitos que lles asisten de se gobernar sin ningunha clás de sometimento a hexemonias alleas.

Fracaso total, repetimos, o distes coitados treidorciños, que se prestaron a degradantes amaños oficiando de testaferros da antipatria, en procura de desvirtuar a até si se terciaba destruir, ise moimento de amor, solidaridade e patriatismo, que pra a nosa emigración simboliza o Centro Galego

Fracaso humillante tamén, o dos instigadores dista sórdida conxura que, cegados pola tradizoal soberba hispana, non foron nin serán endexamais capaces de comprender a mentalidade galega; feita de humanidade de toleranza, e dun patriotismo moitas vegadas subconscente; mais sempre presto a resistir, inda que sexa pasivamente, todo degaro de sumisión que se non axeite á sua particular maneira de sentir e de pensar.

Fracaso total; sin atenuantes de ningunha clás, foi sin dúvida algunha o "bienio negro" que finda coas renuncias que comentams, en todalas tarefas específicas do quefacer institucional: No senso mutualista, non é mester entrar en moitos detalles pra demostrar o desarranxo en que sumeu á entidade, adreda posta ó servicio dos socios mais acomodados, con notoria méngoa na atenzón dos de menores recursos; desvirtuando dise xeito a verdadeira esenza da funcion mutualista da institución. E por si elo fora pouco, abondará sinalar que a débeda perentoria que deixou o Presidente renunciante e os seus "cortesáns" e de arredor de cento oitenta millóns de pesos.

No orde patriótico e de eixaltazon da cultura galega, o "labor" desenrolado pola Xunta renunciante, ademais de ter sido torpe, incompetente e negativo; equivaleu a unha xeira de vardadeira e inteuzoada afrenta pra o prestixio e a dinidade da nosa caleitividade: Ofendeuse, e inda se ofende a Galiza, posto que non foron retirados, coa oustentazon de cadros con "vistas" de moitas provincias peninsuares menos do pais galego naturalmente, cal compre á fidel interpretación do esprito colonialista da mentalidade mesetana e a falta de dinidade patriótica de quens ficaban o seu servizo. Ademais invitouse a viaxar dende Galiza, pra participar como conferenciantes nas Xornadas Galegas, a figuras pseudo inteleituaes; cuio antigaleguismo e notoria inoranza no atinxente á nosa cultura, sinificou un mensaxe de antipatria; adoviado de patolóxicos resentimentos, como doadamente se amostrou na inutil tenzón de negar a figuras venerabels, cáseque míticas, como a de Rosalía. Oustentáronse e inda se oustentan, símbolos de discordia, que somentes xirven pra asañar feridas inda non curadas. En resume; aldraxouse, ofendeuse e-denigrouse en canta ocasión se terciou pra elo, á nosa Terra e á nosa dinidade de galegos e de homes ceibes.

Si os aspirantes a persoeiros da coleitividade, que movidos pola sua vaidade e o amparo de folgadas situacions economicas que tencionan esguerse en guieiros de institucions de ben común, foran capaces de comprender as leicións que nos amostran os episodios vividos e sufridos pola nosa meirande entidade representativa; decatariánse de que o respeito e a comprensión, son condicions "sine qua non" pra acadar éixito e apoio da masa de asociados e da coleitividade a quen representa. Mais compre tamen que tan proveitosas esperencias lles sirvan de guia ás eminencias grises que moven ós caudillos das Agrupacións, que aituan en procura de o ser, que a Galiza emigrada, non apoia nin apoiará aititudes de duvidosa xestación, promovidas en círculos tradizoalmente nemigos de Galiza e dos galegos, en procura de amolecer a fidelidade da coleitividade, encol de ideaes e sentimentos patrióticos que foron, que son e que serán, o pulo, motor da sua aicion societaria.

# DIA DAS LETRAS GALEGAS

O 17 de Maio de 1863, sinala un trascendental fito histórico na eixistenza da nosa patria coa saída do prelo do primeiro libro de Rosalía de Castro "Cantares Galegos", encetándose unha xeira decisiva no despetar da concencia nacional de Galiza, deica entón adormecida por un autoesquecemento deprimente, que coutaba todo o poder de criación do noso povo, ou de non encanlaboo por roteiros de subordinada aportación a poderes e intreses alleos, hexemónicos e degradantes.

Moitos escritores, ensaistas e historiadores, consideran que o noso pais amostrou ó longo da historia, unha marcada predisposición pola aicción bélica e a criación lírica. Si acetamos como verdadeira tal premisa, compre estudar con senso crítico, cal delas representou pra Gailiza unha mais patriótica e honrosa aportación.

Apesares dos convencionalismos históricos, ditados pola xenófoba auto exhaltación dos povos dominantes, en procura de ocultar ou deformar aconteceres de trascental sinificación dos tempos pasados; a verdade vaise abrindo camiño e xa non é posibel desconoscer a honrosa traxeitoria cumprida por Galiza e os galegos ó traverso dos anales da historia.

Da historia que se vive e que se fai, pois xa non eixiste dúvida, de que a nosa Terra senón contentou con vivila, senon con escrevila co seu sangue, co seu esforzo e o seu vaor. Máis xusto é reconoscer que ise sangue, ise esforzo e ise vaor; somentes serviron pra arrequentar a groria e o poder dos seus verdugos e tiráns. Eiquí cúmprese a sabia sentencia popular cando dí que "fariña do demo todo se volve salvado".

¿De qué nos sirveu que foran galegos os mais esforzados e valentes soldados dos exércitos de Anibal? ¿Qué importou que a Roma imperial nutrira as saus mesnadas con guerreiros de Galiza? Sin o aporte galego non houbera sido posibel a seculsr epopeia da Reconquista. A descuberta e colonización de América, costoulle á nosa patria un esgotador esforzom secular. No mesmo senso poderíamos citar a Batalla de Lepanto, onde os barcos galegos xogaron un rol decisivo. Somentes humillacións i-esquecemento lles debe Galiza os Andrade, Pita da Veiga, Conde Camiña, e todos cantos valentes guerreiros ficaron ó servicio do imperial poder castelán; as suas espada que se esforzaron en cen batallas, que até capturaron reises, non tiveron azos pre eisixir o voto en Cortes que como degradente humillación exercia por nós a provincia de Zamora.

Veleiquí algún dos moitos aconteceres históricos que a xeito de exemplo poderíamos espor; mais abondan pra demostrar a orfandade de senso patriótico que amostraron os nosos guerreiros e a negativa inutilidad que pra a nosa patria tiveron os feitos históricos nos cales interviñeron.

Como un xeito de compensación en troques. ¡Que grandeiro moimento de arte e de esencia de patria representa a obra dos nosos escritores e poetas! Rosadia, Curros, Pondal, Cabanillas, Noriega Varela, Leiras Pulpeiro, Villar Ponte, Otero Pedrayo, Castelao e tantos outros, que alongarían infindamente ista risca; conquistaron pra o noso país a meirande forteza que se opón o seu progreso e libertade. A fortaleza da incomprensión, da falta de capacidade de autovalimento que por desconocesmento de si mesmo padecía o noso povo. Veleiquí a demostración que pra a nosa patria ten moito mais trascendenza a penna dos poetas que a espada dos guerreiros, porque a conquista da concencia nacional do país galego ten de ser obra de todo o, povo movido por patrióticos anceios e nobres ideaes de progreso e liberdade que somentes os poetas l-escritores saben espertar co istrumento da cultura que é luz e craridade de ideas e sentimentos.

Ben está pois a instauración do "Día das Letras Galegas" como xornada de refirmación patriótica, porque cada escrito cada poema dos nosos vates, equival a un canto de amor á Terra, un alegato aprol da liberdade e dinificación do home galego. Neles Galiza atópase a si mesma coa imaxen verdadeira do seu propio ser: seu pasado grorioso, a calidade da sua cultura, a sua xerarquía humán todo latexa nunha letra, nun poema nun escrito con pulo convincente de enxebre e patriótico mensaxe.

# REFLESIONS ENCOL DO ESTATUTO DE GALIZA

Evidentemente, o 28 de Xunio de 1936 asinala politicamente o aito colettivo másl trascendente da vida do povo galego.

Naquele únánime SI depositado nos furnas que consagraba a sua vontade autonómica, culminaba o longo proceso político encetado no 1883, cando o Estado Central couta as derradeiras libertades administrativas da Galiza.

O Estatuto conquírese dentro do marco constitucional e xurídico do réxime republicán. Mais, escamoteado e demorado malévolamente polo goberno central, o Estatuto ficou frustrado pra sempre coa enxurrada feixista-falanxista, que somentou de mártires a nosa Terra.

Galiza indefensa, axiña ca unas poutas feixistas, e a sorte da República fadalmente ficou tamén sellada. Mais esta é historia pra lembrar con proveito. Eiquí o que importa é xulgar o frustrado Estatuto en función de porvir.

Era aquele Estatuto, do que tanto ainda se fala, o ideal de Galiza? Non cabe dúbida, que, de entrare en vigor, constituiría un antecedente valioso, un paso decisivo a prol da libertade do noso país, avalado pola vontade unánime do povo, mais de ningún xeito, podía considerárese o ideal de Galiza.

Xa dazaseis anos antes o pensamento de Galiza, teoricamente, tiña acadado maduréz total. O sentimento da Terra tiña raigañas máis fondas. Facendo abstración do moito que se dixera denantes da República, Castelao, o home símbolo da nosa Terra, eispresaba que "a única patria dos galegos era Galiza... E Bóveda, a mente política máis nídia do país, afirmaba nun hábile lingoaxe: "Galiza ten mester da autonomía pra resolver os seus problemas económico-social e de cultura. Mais se no exercizo da mesma o Estado Central pon linde a estas aspiracións, teremos dir á separación".

E doado ouservar ó traveso destas espresións, que Galiza era unha soberanía absoluta, o fin supremo na mente e no corazón dos galeguistas.

Conveñamos en que o Estatuto era unha transación momentánea co Estado Central. Ben intuía Bóveda que a autonomía resultaría insuficiente pra resolver os graves e magnos problemas que flaxelan e destrozan a Galiza.

En verdade, por moi amplas e decisivas que sexan as atribucións que se nos concedan, a libertade de aición delas derivadas, dependen sempre da xerarquía superior da cal proceden.

Cómo acadar a radical reestroituración necesaria ó agro galego, a creación dunha economia industrial, coa soma omnipodente do poder superior ás costas? ¿Qué bilingüismo é capaz de resolver o problema cultural dun povo?

Das verbas de Bóveda, home de realidades e agudo enonomista, despréndese nidiamente que a autodetermiñación é a condición axeitada, imprecindíbel, pra que Galiza poida resolver os seus problemas. Coelas findaba, ademáis, co tópico dos irresolutos: a imposibilidade de que o noso país poida vivir sen a tutela do Estado hespañol; ese Estado que nos deixa ó marxe das roitas do progreso, emprobecidos e condenados a emigarar masivamente. Pero os irresolutos e os conformistas, endaxamáis fixeron a historia.

Co tempo, estamos seguros, o povo galego, de pervivenza secular inda na incoscencia coleitiva, ouvirá as voces xa comenza a cuvilas— dos seus loitadores, mártires e profetas, as verdadeiras concencias do seu destiño. Entón xa non pedirá a concesión de estatutos autonómicos. Loitará pola sua libertade até conquerila, sen que por elo fique mancada a irmandade e amizade auténticas dos povos ibéricos, solo posibeis afincadas no respeto mútuo e nos dereitos igoais de todos eles.

**GALIZA E UNHA COMUNIDADE NACIONAL, COMPRENDER ISTA REALIDADE E GANAR O DIREITO A LIBERDADE**

RA 29/8



# REVOLDAINA

R. I. P.
(Asín reza o epitafio)

Aquí xaz o corpo corrupto de Ramou, que morreu a mans dos galegos desta Galiza ideal que ele teimou tripar coas suas poutas de "quisting" o serviso dos nemigos de Galiza, dos que asesiñaron a Galiza, dos que a asesiñan cada día... a cada hora...

O difuntiño, antre outras cousas de merito, deixou unha cota de $ 800; unha coleicion de "Paisajes de España"; unha bandeira franquista; unha pimpante frolescida comisión de damas cooperadoras doadamente entrenadas en "Ceas Espectáculo" con "Chá-Chá-chá", "Fata-Pata", "Cante Jondo" e outros ritmos modernos; e un formadable "Pufo" de $ 180 millons...!!!

O albacea testamentario e o señor Díaz Sal, aventaxado director do "Candil de España".

---

A COUSA COMEZOU CUNHA BANDEIRIÑA franquista pendurada dun pequeno mástil que viña presidindo —e inspirando— as xuntanzas da Comisión de Cultura do Centro Galego dende a invasión franquista de outubro do 66, capitaneada polo aventaxado rematador **D. Ramón Mourente y otros**, e que deu pé ó pavero episodio que imos relatar.

Na primeira xuntanza da Comisión de Cultura á que asistiron os integrantes democráticos, non ben aberta a mesma, un deles demandou:

"Nós, persoalmente, ren temos contra esa bandeira; mais polo que ela simboliza, é motivo de discordia antre os galegos, polo que lles pregamos sexa retirada, ou retirámonos nós..."

E retiráronse, sen máis.

Na próusima xuntanza, púxose a votación o SI ou o NON da bandeiriña de marras... E foi un rotundo NON. I este NON que supuña o arriar da bandeira franquista, foi "La noche triste..." do hespañolito rematador quén, nunha radicula atitude teatral, **renunciou** —de verba— á presidencia...(?)

---

O CHOIO DA BANDEIRA HESPAÑOLA sempre trouxo lerios no Centro Galego e, nalgúns casos, polo paveros, os seus protagonistas (neste caso, o hespañolito Mourente) pasaron á historia...

Isto trainos a lembranza ó vello Xosé Villamarín cando reinaba no Centro Galego.

Naquele entón, e co gallo do Dia de Galiza, no aito central das xornadas, ia falar Castelao baixo a promesa formal do vello Villamarín de que se non poría no fronte do Centro a bandeira "matanenos" como soia lle chamar con xenreira o noso guieiro.

Mais deuse a circunstanza de que, por aqueles dias, enfermouse o vello Villamarín, ocasión que aproveitou astutamente o embaixador pra lle remesar un fermoso ramallo de frores "como testemuña de amizade persoal e pola groria e grandeza de Hespaña en terras de América" e inda mais, o que trastornou ó probe vello quén, sen pensalo duas veces, pillou o teléfono e ordeou:

—Fala o presidente Villamarín.
—Diga vosté, señor presidente.
—Xa mesmo, sen perder un minuto, que poñan a bandeira...
—¿Qué bandeira, Don Xosé, a de Franco? Porque xa están postas a galega e a arxentina... —preguntou con sorna o empregado.
—Boeno, si esa... —respostou un tanto confundido o vello Villamarín.

Pórese a bandeira franquista i enterárese Castelao, foi todo un... E aí te quero ver, escopeta...

—Oia, Don Xosé —berroulle carraxento Castelao por teléfono— ou dá, agora mesmo, orde de tirar ese maldito trapo do fronte do do Centro, ou non hai aito...

E arriouse a bandeira hespañola na Casa Grande dos galegos...

---

QUE PASA COS CADROS "Paisajes de España" chula e xitana que invaden pasigos i escaleiras do Centro Galego convertindoo pouco menos que nunha axencia hespañola de turismo...?

Todo ese material de propaganda trouxoo o toleirón de Ramou cando **a invasión** franquista do **66**, pra "españolizar" o Centro Galego...(?) Polo que entendemos debe ser retirado sen máis trámite, por unha sinxela razón de ética galega, e remesalos a Oficiña de Turismo franquista, que dalí viñeron...

---

NOTIZAS DE BILBAO, dan conta dun crego vasco detido pola policía franquista quén se negou termiñantemente a falar en **castelán** por entender que esta lingoa estranxeira é símbolo de opreixón e colonialismo.

Qué diferenza cos nosos cregos —prófugos do sacho, como lles chamou Castelao— antigalegos, reaicionarios e nemigos do povo...

---

OS IRLANDESES DO NORDE —a provinza irlandesa do Ulster en poder do imperio inglés— rebeláronse co gallo de se integraren á nai Iranda, i ó efeito, provocaron tumultos, sabotaxes con podeirosas bombas nas instalacións daugas i enerxía eléitrica; incendiaron oficiñas de correiros, estación ferroviarias, etc., creando o pánico nas autoridades colonialistas de Belfast que pediron a todo bulir a Londres o envio de tropas pra esmagar a rebelión dos patriotas.

¿Cándo o noso povo se rebelará contra o colonialismo hespañol que asoballa a noso terra?

Algún dia, estamos seguros, o povo rebelaráse; i estoupará a represa de Castrelo de Miño pra liberar as terras roubadas ós campesiños; e derrubará os postes que levan a Hespaña a enerxia dos nosos rios e a riqueza dos nosos vales; derrubará i espulsará todo símbolo material i espritoal do secular poder colonial hespañol que asoballa a nosa patria, do mesmo xeito que os nosos groriosos devanceiros, os irmandiños, derrubaron o poder feudal.

Temos fé no noso povo.

Os azos viránlle coa toma de concencia dos maes que sofre por mór do prepotente colonialismo estranxeiro que nos preme e abafa espritoal i economicamente, e que nos empurra a emigrar (nos esportan como gando en pé) a outras terras a troque de divisas...

Temos fé no noso povo...

---

FAI UNS MESES nunha popular audición de televisión o Embaixador de Franco, Alfaro y Polanco, fixo solene entrega á Asociación de Damas Cooperadoras do Centro Galego, dún cheque por valor de $ 32 millóns...

Agora, o pimpante ministro de Traballo franquista señor Gorria, na sua visita a Buenos Aires, fixo entrega á dita Cooperadora de outro cheque por valor de $ 32 millons...

Preguntamos: ¿cal dos dous cheques é o voador...?

LOURENZO FRAGOSO

## NOVAS AUTORIDADES DA AGRUPACION "GALICIA"

A Agrupación "Galicia pro Centro Galego en Asambreia Xeral, escolleu novas autoridades ficando constituída deste xeito a Xunta Executiva.

Presidente: Sr. Xoán Manoel Pérez; Vicepresidente: Evaristo Míguez Illobre; Segredario: Hermindo González; Prosegredario: Serafín González Alonso; Segredario de Aitas: Domingo Defilipo; Tesoureiro: Manoel Edoardo Nuñez; Protesoureiro: Ramón Abuín Guimarey; Vocáis tidoares: Xesús Andujar, Roberto J. Gato, Francisco Maceda, Mario E. Izquierdo; Vocáis Suplentes: Xosé Castiñeiras, Antonio Cabo, Héctor Torreiro; Revisores de Contas: Orlando Migal, Raul García Golpe.

Degoramos a esta nova Xunta de Goberno da Agrupación 'Galicia" os maiores acertos na sua xestión.

# O FOGAR GALEGO PRA ANCIANS E OS VELLOS GALEGOS

Antre os moitos orgaismos que identifican a nosa coleitividade no seu degaro intimo de **presencia nacional de Galiza** na emigración, figura o Fogar Galego Pra Anciáns.

Esta benemérita institución de moitos anos acó, ven funcionando co apoio moral e material da coleitividade galega, o que pon de noto o elevado senso de solidaridade humán que distingue ó noso povo.

Nembargantes o manifestado, e sortindo da base de que o devandito orgaismo foi fundado i é sostido por galegos, lóxico é supor, que os directamente beneficiados tiñan de seren os vellos galegos, que atal é a imaxe emotiva que lle suscita ó donante.

Pois non señor, non é asín.

No fogar Galego pra Anciáns, os nosos vellos non gozan de preferenza algunha na sua función de táis e, cecáis estean en minoría, proliferando alí vellos doutras coleitividades, en algúns casos podeirosas, que veñen ocupando o lugar de vellos galegos que, neste caso, non son recebidos por falla de capacidade... (¡?)

Entendemos que diante desta inespricábel anomalía, os fins pra que foi creado este instituto de beneficencia, **son falseados** na sua esencia, xa que o devandito Fogar, por este camiño, deixa de sere **galego** pra se converter en **terra de ninguén**... onde os vellos galegos teñen que convivir os derradeiros anos da sua vida, con vellos doutras terras, doutros costumes e doutras lingoas...

Folga dicir neste caso, que a caridade ben entendida comeza pola propia casa... E se nos atemos á realidade de que a nosa coleitividade é moi numerosa e, que na sua imesa maioría está integrada por xentes de modestísima condición económica, é un ausurdo, un **facelo parvo**, ou, se queredes, unha ridícula quixotada ó pretenderen praiticar **beneficencia universal** (sempre, craro está, que estas sexan as razóns que moven os direitivos da entidade á anomalía que denunciamos) cuando nen temos folgos pra atendermos doamente ós nosos, os do noso sangue...

# FOI AGASALLADO RODOLFO PRADA

O pasado día 6 de xuño tivo lugar no casal do Centro Ourensán a cea homaxe con que foi agasallado o irmán Rodolfo Prada co gallo de cumplir 50 anos de trabballo no seo da coleitividade galega a prol da recuperación nacional da nosa Terra.

O aito contou con un outo número de concurrintes, que incruía unha nutrida representación dos galegos de Montevideo e delegación de todal-as entidades galegas de Bós Aires, ocupando a cabeceira, ademais do agasallado e da súa dona, doña Virina P. de Castelao, Dª Angelita A. de Somoza, D. Antón Alonso Ríos, segredario do Consello de Galiza, Dr. Dixosé Alfonso Reboreda, presidente do Centro Galego, D. Manuel Puente, D. Valeriano Saco, presidente do Centro Ourensn e moitas outras figuras da nosa coleitividade.

No decorrer do agasallo fóronse dando a coñecer as numerosas adhesións recibidas da Terra, léndose as enviadas por dor Ramón Otero Pedraio e pol-o Presidente da Academia Galega Dr. Sebastián Martínez Risco.

Rematada a cea fixo uso da verba o presidente do Centro Ourensán D. Valeriano Saco en nome de comisión orgaizadora; don Enrique González en nome dos amigos; D. Antonio Crestar pol-a colectividade galega do Uruguay; don Lorenzo Varela, pol-os intelectuais galegos, e don Xosé Núñez Búa pol-os afiliados o vello partido galeguista.

En derradeiro termo fixo uso da verba o irmán Rodolfo Frada para agradecer o homaxe, facendo unha emotiva referencia os comenzos da súa situación no seo da coleitividade e a evolución de seu penseamento a prol dos problemas fundamentais de Galiza, tendo un recordo emocionado para todos aqueles galegos de longa laboura que souperon ourentar as súas inquedanzas e despertar en ele toda a intensidade do seu amor as cousas de Terra Nai.

# O GALEGO XA E A LINGOA DA IGREXA NA NOSA TERRA

O Papado, aténdose ó acordado polo Concilio Vaticano II encol das lingoas maternas na liturxia, ordeou ó clero de Galiza **o uso** do idioma galego nos ofizos relixosos.

A medida é de atal importanza, que ben podemos afirmar, que este feito é o meirande e trascedental acontecimento a prol da lingoa e a cultura de Galiza desque perdeu a sua soberanía a mans dos malfadados Reis Católicos coa colabouración treidora da nobreza feudal, dona da terra.

Nunca o noso idioma e cultura correron tanto perigo como nestes intres, coa apricación da lingoa materna na liturxia e que a Igrexa colonialista hespañola se apresurou a apricar o seu idioma no pais galego coa canallesca compricidade do noso clero que chegou a afirmar que a lingoa materna dos galegos era o castelán... (!?).

Xa o castelán en Galiza, en razón de conquista e coloniaxe do país galego, disfroita do privilexo de sere a lingoa da cultura e a lei; da riqueza e o poder político, por imposición coercitiva do Estado. E de habere trunfado o clero hespañol na sua teima colonialista, o noso idioma e a nosa cultura, correrían grave perigo de morte, xa que á suma de poder manifestado pola estranxeira cultura castelán na nosa terra, engadiase o iñorme prestixo de sere tamén a lingoa de Deus na Igrexa.

Cando na outrora mártir Irlanda o clero comezou a usar o inglés nos ofizos relixosos refugando o gaélico, a lingoa nacional irlandesa, ésta comenzou a morrer deica a sua total desaparición.

Por sorte, —debemos de o dicire— non todo estaba podre no clero galego...

Houbo e hai sacerdotes exemprares que fixeron fronte ó problema con diñidade e patriotismo, facendo posibel o trunfo que estamos a comentar.

## PLEASE, Mr. JOHNY, PODEMOS SER CEIBÉS?

*O Departamento de Estado ademitiu hoxe que forzas dos Estados Unidos habían participado en Hespaña en maniobras conxuntas que se reaizaron pra suprimir unha rebelión contra o goberno hespañol.*

(Dos xornaes do 15-6-1969)

A cacareada "democracia" yankee ten dado mostras a moreas da suá falta de escrúpulos pra arrepañar países e riquezas pra o seu bandullo. A ninguén solnexar o mundo como a eles lles prende xa que pretendan maconvén, porque ó fin e ó cabo así proceden todalas grandes potencias ,até que outra potencia tan grande pete mais forte que eles. Pero sí resulta intolerabel que rebasen os límites mínimos de respeto que merescemos os cidadáns dos demais países no manexo das cousas que nos atinguen exprsea e direitamente.

Co conto da defensa contra do comunismo, os yankee asentáronse nas bases "alugadas" pol-os seus compinches falanxistas e cando coidan amolecida a repúñancia que esto provocou nos povos hespañois, xa non reparan en amosar as súas verdadeiras intencións de utilizalos no seu plan de dominar o mundo para o seu eisclusivo proveito. O falanxismo hespañol trocouse nun dos mais fideles e incondicionaes servidores dos designos yanee i éstes, con un descaro diño de mellor causa, dispoñen que as forzas norteamericans destacadas nas bases participen nas maniobras do exército hespañol os dous derradeiros anos, maniobras que non tiñan por outivo de rechazar ningunha invasión eistranxeira, senón aplastar unha sublebación contra do réximen falanxista i entrenarse en ocupar militarmente a cidade de Madrid nuns cantos minutos en caso dunha revolta popular.

Resulta magoante ver cómo un país que proclamou a "Carta do Atlántico" comprometéndose a defensa dos dereitos dos povos e dos homes ceibes, esté mesturándose en canta maniobra antidemocrática se presenta no mundo. Pero a orquestada propaganda das axencias noticiosas que eles controlan xa non pode seguir engaiolando os povos que loitan por conquerir as súas liberdades esenciais, que eses yankees comprometéronse solennemente en defender e que hoxe traicionan vilmente, convertindo o seu país na mais grande tesafa moral do século XX. Mais non, mister Jonhy, a liberdade dos povos ibéricos non está en venda, nin vamos a consentir en que teñamos de pedir permiso ós seus militares nin os seus políticos para a grande batalla da recuperación dos nosos dereitos cidadáns, por moita soberbia e moitos treidores que teñan a súa disposición. Os seus desatinos, mister Jonhy, non van a reportarlle mais dividendos que o repudio de todos os povos ibéricos, asqueados de tanta mentira e tanta perversidade...

## NOVAS AUTORIDADES DA AGRUPACION "A TERRA"

O día 25 de abril ppdo., a Agrupación "A Terra" realizou Xuntanza Xeral Ordinaria e, con **eso** gallo, escolleu novas autoridades que rexerán os destiños da entidade pola xeira 1969-70, os cárregos na nova Comisión Direitiva foron desinñados deste xeito:

**Presidente**, Manoel Fernández López; **Vicepresidente**, Manoel Coego; **Segredario**, Guillermo Maquieira Antón; **Prosegredario**, Xoán Antón Carballo Reimundez; **Segredario de Aitas**, Xosé Núñez Campos; **Prosegredario de Aitas**, Paulino Rivadulla; **Tesoureiro**, Antón Sarandeses; **Protesoureiro**, Enrique Rosón;

**Vocais Tidoares:** Samilo Núñez, Xosé Antón Vázquez, Feliciano González, Emiliano Núñez, Xosé Buxán Abeleco, Xoxán Asorey e Vázquez.

**Vocais Suplentes:** Osvlado R. López, Alfredo Núñez, Daniel A. Núñez, Florencio Sánchez.

**Revisores de contas:** Lóis Sobreira, Xosé Antón Rios e Xerardo Dorado.

**Xunta Consultiva:** Manoel Puente, Manoel Martínez Lamela, Manoel Campos, Antón Rodríguez, Valeriano Saco, Bieito Cupeiro, Alfonso Fernández Prol, Ricardo Núñez Villar, Ricardo Florez, Santos Blanco, Leandro Goyanes, Xosé B. Agraira, Francisco Pazos González, Evaristo Coyón, Antón ontes, Xesús Silva, Leoncio Ucha Valentín Fernández, Anxel Sánchez Romero, Atilio Lois Boero, Uxio García, Efrén Peña e Xosé Canda.

# Nun aito de eistraordinario releu foi presentado o Libro de Manuel María "Versos pra un País de Minifundios"

No salón de aitos do Centro Ourensán foi presetnado o 28 de marzal derradeiro un novo libro do poeta galego Manuel María que baixo o tíduo de "Versos pra un país de minifundios" constitúe un berro baril de rebeldía á carón do sofrinte povo galego, afundido i esmagado secularmente na súa miserenta sitoación económica por mór dun centralismo meseteire —nemigo natural de Galiza— cego e xordo ós intreses da nosa terra.

O aito contóu coa presencia dun numeroso púbrico, autoridades da Irmandade Galega, dos centro provinciais, agrupacións pro-Centro Galego, Consello de Galiza e numerosas entidades da nosa coleitividade.

FALA DON MANUEL PUENTE

Sncetou o aito para referirse as razóns que moveron e Edicións NOS a pubricar este novo libro de Manuel María que, espresou, máis que un libro é un mensaxe ós que sofren, loitan e traballan por unha patria millor. Afirmou que estes versos de Maneul María tiñan todo un senso apostólico, pois somentes un apóstolo pode cantar á liberdade con tan baril acento sen importarlle as consecuencias que pode levarlle tan valente denuncia.

Asinalou que os Xogos Froraes do Idioma Galego permitíron pornos en contaito coa nova xeneración literaria da nosa terra e nós cumprimos a tarefa de axudar a eses varoes. Libro de denuncia, estes versos só poden escrebírense onde a liberdade non eisiste i editárense onde ela impera. Emporiso foi escrebido en Galiza i editado eiquí, na Arxentina.

Finou decindo que este ano a coleitividade encara un valioso traballo editorial, pois está próisimo a sair unha biografía do eminente Xohan Viqueira coa colaboración da Irmandade Galega; o Coro Breogán está preparando una antoloxía do poeta Avelino Díaz; o libro dos Xogos Froraes xa está en marcha; o terceiro tomo da Historia de Galiza irá ó prelo en data próxima, e temos entre mans a publicación do libro "Remol" de Manuel María, a biografía de Alexandre Bóveda...

FALA VICTOR L. MOLINARI

Asinada que o poeta e sempre un esplorador, primeiramente de sí mesmo e despois dos demais, que debe vivir na sua propria esencia pra poder descobrir a esencia dos outros, e pra referire a Manuel Moría lembra o poema encetal do libro que ten pubricado o Centro Galego de Bós Aires:

**Quero dar'l'e a miña voz perdida**
**un sinxelo tremor de folla**
**pra decir simpremente, sen xeada [retórica de literatura,**
**a emoción que garda na súa i-alma [cada cousa.**

Denantes Manuel María xa nos tiña dado **Muiñeiro de Brétemas**, libro que se avencella con decisión a **Terra Chá**, canto lustral da súa terra nativa. Dende alí sofre e alenta unha grande espranza: a do vivir de todolos días. Porque iso é o importante. Cada poeta vive a súa vida, sí, pero se é galego faino en Galiza e se o fai en Galiza debe ficar fidel ó seu mundo que o aguilloa dende todolos ancos da súa proxeición.

Mergullado na sua problemática de tódolos días Manoel María berra entón seus **Documentos Persoaes**; frase que xa se fixo cliché en tódolos meridiáns do mundo: "Seus documentos señor?". Porque hai unha policía poética que o mesmo serve pra chantar na cadea a poetas como pra crear un "bestseller" se se entra pola carroña da literatura dirixida.

**Documentos Personaes**, imprica xa o banquillo dos acusados. Porque Manoel María enxuíza con dór e sabenza de cantor o drama de Galiza. Sí señores: o drama de Galiza, inda que teimen iñoralo as empresas de turismo e os polos de integración promocional. Xa que máis importante de que Hespaña receba 18 millóns de turistas ó ano —que veñen a vivir folgadamente por ventaxens do troque de moeda— sería que fosen 18 millóns de hepañois os que saíran do país a percorreren mundo adiante pola potencialidade da sua billetetira persoal.

Todo isto vai xunto a unha sorte de macrocosmos —minifundista— a un xeito de resiñación levado dende séculos que incrusive soportan até os animáis que se contaxian dese deixaren facer; e o mundo galego se desvitaliza nunha espera anguriosa onde os menos son os que protestan diante a indiferenza dos máis.

Manoel María en **Documentos Persoaes** tira unha liña e fai conta aparte cos malentendidos que facían pirotecnia coa aventura de tódolos dias. O poeta faise carne co seu povo, vive como ele, soña como ele, e lóxicamente espera como ele.

Toda poesía é sempre de espera. Todo é espera no mundo. O dia que o mundo non espere máis, ese día o mundo estará perdido.

Inevitablemente Manoel María tiña de desembocar nesta poesía crucial que é sempre a verdadeira. E falso dicir poesía social, xa que a poesía sempre foi social. Cando non é social ven sendo divertimento de señoras gordas menopáusicas e de homes castrados. Poesía de rebusco, de berro, de espranza, de suor e de bágoas, fidel ó povo, ó povo dún que é todo o povo, porque o mesmo problema de Galiza créase poéticamente tamén nas antípodas, dando esta poesía recedente de esprego e de centeo, de viña dourada e de piñeiro rumoroso, de paxaro alado e de ponla con soma de terra húmida e de pranto enxoito, que fai que o poeta estea na verdade do seu povo, e viva pró seu povo dramáticamente espranzada.

Versos pra un país de minifundios, é pois un libro sangante. Todo o libro é un canto de fe e de rebeldía. Cada poema é un berro de alerta e ó mesmo tempo de espranza. Cada estrofa é un desexo de ver a Galiza superada de seu trauma humán. Cada verba está escrebida con sangue —como cobizaba Nietsche— e cada tema imprica falar de Galiza.

Emporiso —dixo o señor Víctor L. Molinari, pondo ponto final a sus magnífica conferenza— esta poesía é vidal e verdadeira. Por elo estamos hoxe aquí pra festexala e rubricala. Pra léla e trascendela. Pra comprendela e amala. E sobér de todo pra comprometela. Porque neste compromiso do leitor co poeta está a forza da poesía e a forza do mundo.

Renunciade a vella língoa
Que nos ven tan de lonxe,
tan do fondo, luída con amor
xeneración tras xeneración,
soporte do noso esprito,
frol do noso sentimento,
fnte da que agroma
o cachón potente do pensar.
Renunciade á vella língoa,
a creación máis xenial
do noso pobo, a cunca
sacra que garda a fonda
e total prenitú do noso ser.
Renunciade á vella límgoa,
dádevos ás framenquerías
i os amos quedarán
pra sempre satisfeitos:
veredes que ben
vos han de pagar
co seu desprecio.
Renunciade á vella língoa,
a fala nai, e seredes
entón máis señoritos,
seredes máis "castizos".
Renunciade á vella língoa
—inda que non sei cómo
faredes pra borrar ese
escuro acento delator—
e quedaredes capados,
sin as palabras precisas
pra aquecer o corazón,
pra espresar de verdá
o que vós sodes.
Renunciade á vella língoa
que dende séculos ven
mamando o noso pobo
e quedaredes envoltos,
sulagados
na tebra e na impotencia.
Quedaredes mudos,
sin palabra
que aluma e que revela.

MANUEL MARIA

## IRMANDADE GALEGA
## ESCOLLEU NOVAS AUTORIDADES

**O dia 24 de xaneiro ppdo. a Irmandade Galega realizou Asambreia Xeral de afiliados, procedéndose a renovar as suas autoridades prá xeira 1969|70, recaíndo os nomeamentos nas seguintes persoas:**

**Presidente: Sr. Xosé S. Rodríguez; Vice-Presidente: Sr. Bieito Cupeiro; Segredario: Sr. Manoel Mera Sanchez; Pro-Segredario: Sr. Moisés da Presa; Tesoureiro: Sr. Lema Novo; Vocáis: señores Francisco Sánchez, Antón Alvarez, V. Otero, Sánchez Romero, Leonardo Pereira, Ricardo Florez, Ricardo Montero, Manoel Baño, Bernaldo Souto e Manoel Ucha. Revisores de Contas: señores Antolín Dios i Emilio Pita.**

# VIAXE DE INSPECCION

Como se fora un dises "petit emperends" ó uso, dono dunha grandeira empresa monopolista, que percorre en viaxe de inspeición o estado de rendemento e orgaización das suas sucursales do eixterior; estivo derradeiramente nista Capital o Ministro de Traballo do Goberno centralista Don Xesús Romeo Gorria.

O certo que de acordo ó anunciado nos círculos oficiaes da dictadura falanxista e dos seus cortesáns dista Capital, non era ise o ouxeto do viaxe do xerarca hispano, senón a de amostrar a xenorosidade do réxime totalitario que representa e a sua patriótica preocupación polo benestar dos emigrantes xa que era portador dun cheque por vaor de seis millóns meio de pesetas con destiño á "Asociación Cooperadora Pro Centro Gallego", tal como con ben artellado balbordo publicitario, tiñase anunciado nunha audición de televisión intresadamente realzada en vísporas des eleicións derradeiras da nosa meirande institución, có ouxeto de coaicionar a concencia dos seus asociados.

O Ministerio de Traballo ten adequerido dentro do equipo gobernante do gobemo de Madrid unha trascendental importancia, por ser ele o vieiro por onde se encanla a sangria emigratoria, promovida como un Negocio de Estado e de tal xeito convertida na mais proveitosa e lucrativa eisportación conque a economía española se fornece, xunto có turismo, das divisas fortes conque pode equilibrar, millor dito entrampar, unha balanza de pagos endémicamente deficitaria, o que pon de releu a tradizoal incapacidade do centralismo hispano pra soerguer a economía devandita do seu incurabel e secular atraso procurando cal compre a un Estado progresista, a industrializacion dos recursos naturaes do país doándolle ós traballadores, de tal xeito, ocupación proveitosamente rentada sin que teñan que deixar: patria, fogar e familia; precisamente os tres vencellos mais entranabels que ten o home.

Arredor de 25.000 millóns de pesetas lle forneceron ó presuposto peninsuar no derradeiro ano de 1968 os xiros dos emigrantes nos paises de Europa; de tal xeito ben pode permitirse o goberno de Madrid o luxo de entregar cheques cuio importe, como no caso que comentamos, apenas representa o 0,026 % disa zugosa cantidade. Pouco lle costa a fachenda de dadiveiro que ista aititude siñifica se con elo se compromete a adhesión dos "papanatas"; sempre dispostos a magnificar a grandeza dos tiráns e ademais o efeito propagandístico conquerido reditua moi abandosos dividendos.

Oferecendo unha farsa adoviada de gran aparatosidade, compríuse coa entrega do cheque de 6.500.000 pts. por parte do xerarca falanxista á Presidenta da Asociación Cooperadora, o setráxico, ridente, encetado nagundo dos tres aitos do sainete aidición de televisión levada a cabo en vísporas das derradeiras eleicions. Os títeres que compoñen o elenco mourentista fixeron honor a sua condicion de "partenaires" do réxime totalitario que escraviza á nosa Terra. Agora compre agardar o desenrolo do derradeiro aito da farsa programada. Pra o espeitador agudo seu remate xa non ten segredos; ise diñeiro estará destiñado a "financiar" a publicidade eleitoral dos devotiños da Embaixada nas próximas eleicións de 1970 no Centro Galego, como de xeito irónico e ridente dou a entender o Ministro o lle facer entrega do cheque ó seu embaixador; mais agora compre estar á espreita das aititudes das celestinas do apaciguamento, infiltradas nas nosas ringleiras, que nos aconteceres derradeiros conqueriron certos trunfos, contando coa compricidade ou a complacencia dos "apolíticos" incapaces de comprender que a dinidade e o prestixio da coleitividade non pode ser mercancía que se chalanea con irresponsabel desaprensión. Os galegos dinos fican vixiantes do que se teima facer e non se atopan dispostos a tolerar desviacións e renunciamentos.

*Xosé Conde o autor de "Terra Aluciada" é un dos grandes poetas galegos da hora actual. Esta hora de toma de concencia nacional que está a vivir o noso povo e da cal Xosé Conde é un dos seus máis fideles e afiuzados intérpretes.*

### PAZ

Din que hai paz
porque os mortos botan froles no abril
co pranto dos que quedamos.
E a eso teñen medo.
Apuntan cos fusís ás margaridas
que inda gardan seus oróscopos.
Non sintes medrar raices na noite?
Raices dos que nunca se retractaron.
Non temas, non,
xa os seus ollos son estrelas!

Din que hai paz
porque cantan as putas nas fiestras
e fan o amor os cabalos nos prados
e mexan os bébedos contra as farolas
das ruas.

Aquí me sento a chorar
enriba de estas campas. Aquí.
Aquí me quedo.
Eu debía ser un deles
i envellezo nesta tristura pobre.
Non soupen renunciar a esta vida.

Din que hai paz
porque andan os corvos nos agros
i hai olor de pinos
e frolecen os toxos.
Din que hai paz
porque bailan enriba dos mártires
e non pasa nada. Calan. Sí. Calan
Quén se lembra dos mestres
nesta podredume?
Somos vellos e non temos un mañán
que nos resucite.
Desertos nesta opulencia verde
con olor a terra degolada

É que se pode cantar e faguer o amor, así,
sin resurreución?
Aiii!!!

Escoito unha gaita na noite
que bota alboradas prós mortos,
ia terra retórcese pra erguerse.
Estas pedras que falan,
que berran,
que inda sangan
son eles, eles, eles.
Cómo queres que eu volva a rir?
A rir!!!
Aaaiii!!!
Déixame apretar contra min estas froles!

XOSE CONDE

## FESTIVAL DA NOVA CANTIGA GALEGA

**De xornal A. B. C. de Madrid correspondente o día 14 do derradeiro mes de xeneiro copiamos a seguinte información.**

**Coa asintenza duns cincocentos estudantes, celebrouse onte un festival sobor da "Nova Canzón Galega" Na Facultade de Cencias Política Económicas e Comerciaes, no que interviñeron o poeta Manoel María e o cantante Miró.**

**Após da presentazon do poeta e do cantante, a luz eléitrica apagouse uns intres, tras dos cales voltouse a acender. Tiña sido colocada unha bandeira galega, na que se lía "Viva Galiza ceibe e socialista". Aseguido outros estudantes fixaron un cartel no que se trataba de "opresor" ó Estado español e de oprimidas a Galiza, Cataluña i-Euzkadi.**

**Manoel María leeu despois poemas seus que foron aplaudidos polos estudantes, entreis: "Acuso á Clás Meía", "Ollos de Nenos", "Noticias", "O Paisaxe é Fermoso", "Iberia", "Os Nenos dos Casinos", etc., Aseguido aituou Miro que cantou cancons na liña da canzon popular e de protesta. Por derradeiro celebrouse un coloquio encol de temas galegos.**

## AS IDEAS NON SE MATAN

Despois de 33 anos de se haber entronizado no goberno peninsuar a dictadura feixista, imposta polas tropas de Hitler e Mussolini coa axuda das cabilas marroquís, sigue adoecendo da mesma "cultofobia" dos seus comenzos cando algún des seus xerarcas bradaba carraxento: "Viva la muerte, muera la inteligencia" e a ousadia de ser culto costituía un delito que se pagaba co fusilamento ou o "paseo". Ista realidade foi doadamente posta de manifesto derradeiramente ó traverso das perseguizons a figuras representativas da noxa cultura e concretamente pola inxusta e alongada detenzon sufrida polo gran escritor e poeta galego Xosé Luís Méndez Ferrín, encadeado polo crime de ter no seu poder os borradores inéditos dunha novela cando nun típico abuso de autoritarismo represivo foi atropellada a sua morada. Velahí reflexado nistes aconteceres o drama de todo réxime dictatorial cal é o do non poder encadear as ideas, inda que pra o lograr se poñan en xogo os mais depurados xeitos de represión. A cultura aterrece as dictaduras porque alumea as concencias e xermola rebeldías.

# A GALIZA DE ARESTORA

Por Bieito Cupeiro

Coa elocuenza irrebatibel que teñen os feitos, cada vegada ponse de releu con mais nidia crariidade, a total falta de intres eixistente entre os poderes do goberno falanxista de procurar a solucion axeitada e o arranxo dos seculares problemas que remanecen do atraso economico do pais galego có ouxeto de trocalo nun ámbito rac'onal e axeitadamente orgaizado no que o povo poida vivir doada e comenentemente sen necesidade de emigrar dispondo dun nivel de vida concordante coas abondosas fontes de riqueza potencial que Galiza atesoura.

A imaxe que ofrece a Galiza de arastora, non pode ser mais magoante pra todolos galegos con inquedanzas patrióticas que anceian unha Terra ceibe e farturenta. Sen afondar moito na esenza dos problemas galegos e poren os ben orquestados esforzos da axencias noticiosas ó servicio da tirania feixista, coa axuda do papanatismo turístico, ollamos un povo encadeado polo mais bárbaro e crudel e retardatario sistema político de que teñen lembranza os anales da nosa historia onde non eixiste mais direito que o de domearse ou emigrar.

Logo de 33 anos da imposicion da dictadura franquista, un de cuios pretextos pra acender a crudel guerra fradicida foi a pretendida recuperación da grandeza nacional, ningun dos seculares problemas que dende sempre aqueixan a Galiza poido ser xa non resolto mais nen siquer prantexado con craro e axeitado senso da realidade circundante. O minifundismo, xermolado dos baixos índices de rentabilidade do noso mundo rural sobor do que malvive o 65% da poboación galega non oustante os ben pregoados anuncios de solucion por meio do Plan de Concentracion Parcelaria, sigue agravándose de cote por falta duaha verdadeira planificacion que non sexa unha trampa propagandística senon algo que compre facer con resolta enerxia axeitada ó meio onde se ten de por en prática.

Galiza posue as mais favorabels condicions xeográficas, climáticas extratéxicas, humáns e de cáseque todolos ordes, pra ser asento das mais variadas industrias, sobor de todo de aquelas que teñan por ouxeto o intelixente aproveitamento dos produtos do agro có triple beneficio que elo ten de supor: Crear traballo riqueza e prosperidade industrial. Valorar axeitadamente os devanditos productos agrarios abrindolles un mercado seguro e remunerador. E por derradeiro coutar o infamante comercio humán que costitue a emigracion xenerada no intre altual polos persoeiros do goberno totalitario de Madrid como un doado e lucratixo xeito de conquerir zugosas divisas.

O asolago dos vales da nosa Terra pra construir grandeiras presas produtoras de enerxia eleitrica, que fixo espertar grandes arelas de soerguemento do potencial económico galego, costitueu por derradeiro un novo fraude consumado contra os lexitimos intreses da nosa patria galega posto que a riqueza enerxética que fornecen os alternadores que alimentan as augas dos nosos rios tamen "emigran" a outros lares moito mais desafortunados que o noso no tocante a bens naturaes pero que teñen o privilexio de dispor de poderes político economicos hexemónicos e parasitarios.

A pequena e melana industria, que vencendo toda clas de pexamentos a contrapelo do estruchador burocratismo centralista, vai estabelecédose no pais galego, a eixcelcion da construccion naval, non poido aínda crebar os balados orixinados polos intreses da realeion mesetana e a irracional e arcaica eistructuración política e socio-económica de Galiza escomenzando pola division administrativa que esnaquiza a unidade comunitaria que é a nosa Terra en catro ausurdas e artificiosas provincias cada unha delas penduradas de Madrid, sen ningunha ciás de vencellos entre elas como si foran povos estraños manexados por orgaismos de creto bancario que non teñen por ouxetivo favorecer o desenrolo agrario, industrial ou comercial as tres altividades básicas de todo pais progresista senon pola contra operar, cal bocas de zugamento económico, por onde perde Galiza os recursos do aforro que lle produz a emigracion.

Se o infradesenrolo económico galego acada notoria relevanza de desequilibro entre os seus rendementos e as necesidades da nosa provezcion nos aspeitos agrario e industrial non amostra millores resultados nin moito menos a face comercial cuia eistructura arcaica e antiprogresista exerce unha función negativa sobor da economía galega posto que non ten como finalidade a colocacion e comercialización dos produtos do pais senon pola contra cubrir o deficit de bens de consumo propios coa venda dos alleos con cuia operación velahi como tamen o traverso do seu comercio se emprobece Galiza xa que os seus recursos monetarios son encanlados a enriquecer a quens nos fornecen de canto nos non somos capaces de producir.

O progreso e benestar dun pais se ten de ser verdadeiro i-estabel non pode senon afincarse no racional o axeitado aproveitamento das suas fontes de riqueza: industria, comercio, etc. Os recursos do turismo, da emigración e doutros xeitos de vida económica circunstanciaes non son, non poden ser, os ouxetivos de ningun povo que teña cabal concenza do seu propio valer con lexitimos anceios de superazon e autosufizenza.

Emporiso que os conscentes ou inconscentes pregoeiros da mintireira prosperidade da Galiza aitual aparvados por certas obras de pura oustantazón aituan cal cómplices dos verdugos do noso povo, pois coa sua torpe prédica deforman a mentalidade das nosas xentes facéndolles crer que os seus problemas e dificultades económicas son endémicas e non teñen mais arrombo que o que na aitualidade se lles procura iñoran que Galiza conta con mais riquezas potencias que Dinamarca, Holanda, Suiza e cecais a mesma Bélxica poren os seus ricaces xacimentos mineiros mais isas son nacions ceibes e nos vivimos "gobernados" por ise Madrid flamengo e verbeneiro tobo de todolos atrasos incapas de crebar vellos esquemas que teñen ós paises peninsuares detidos no tempo histórico. Galiza como Bélxica, Holanda, Dinamarca, Suiza, etc., tamen será rica e culta o dia que se goberne a si mesma ceibe de toda tirania alleeira onde o povo poida ser artífice do seu propio destino da sua facenda e dos seus direitos e liberdades.

# Significado da Autodeterminación Politica

O se cumplir un novo cabodano do Plebiscito do Estatuto Galego, a meirande demostración cívica da historia do noso país na que se manifestou cáseque unánime a vontade do pobo galego de dispor dos seus propios instrumentos de goberno non é mester de moita imaxinación pra se decatar das moitas vertaxas que pra Galiza teria o disfrute da sua autodeterminación política.

Velahí unha pequeña relación das estruturas básicas duha Galiza ceibe e as beneficiosas remanencias que traguería aparelladas.

Co Goberno propio refundiríanse nunha sola entidade as catro inútiles Diputacións Provinciaes as que de acordo á lei de 1881 correspondíanlles 94 diputados que endexamais cumpliron unha función de goberno que reportara pra ó noso país un positivo beneficio. Tales Diputacións terían de se trocar en Asamblea Lexislativa con arredor de sesenta Diputados, elexidos por votación popular, os que de acordo as leises de Referedum, os seus eleitores terían o direito de lles rovocar e mandato conferido se non lles satisfacía o cumplimento dos seus deberes. Ademais, por disposición da mesma lei de Referendum popular, os eleitores devanditos gozarían do direito de presentar proxeitos de lei á referida Asamblea, cumprindo de tal xeito a mais perfeita función democrática que se poida maxinar.

Galiza taría de estar representada nun Consello Ordeador ou orgaismo semellante que se teria de estabelecer nunha Hespaña Federal pra ordear o comercio peninsuar; determiñar precios, decretar tasas de importación; distribución e venda de produtos e todalas demais custións atinxente a relación económica dos distintos paises hispanos o que traguería aparellada unha positiva defensa dos nosos intreses e non como agora acontece que a economía galega está a mercede do discrecionalismo egoista das rexións dominantes que todo o subordinan ós seus particulares intreses.

O réxime local de Galiza ficaría orgaizado en consoancia coas realidades vivas do noso país co reconoscemento da persoalidade xurídica da parroquia rural á que lle sería reconoscida plea autonomía.

Uuha Galiza en réxime de soberanía, teria de aproveitar en beneficio do seu povo e de xetto racional as suas fontes de riqueza como son: a enerxía das suas represas hidroeléitricas; os mineraes de ferro, estaña, welfran, etc., dos seus montes; as riquezas en algas, mariscos, moluscos, etc., dos seus farturentos mares; as madeiras, os caolíns, a pedra, e todo canto oxe sal da nosa Terra sin que tales riquezas lle deixen ningún proveitoso rendemento económico.

Teria de se reformar o aitual sistema bancario, debanceiro do colonialismo económico alleeiro, pra que as nosas instituciónes de creto non sexan como moi ben decía Castelao "tendas de diñeiro que venden pesos a sete pesetas", bocas de zugamento do noso caudal monetario, produto do pan amargo da emigración, adicado en inversións fora do noso chán, posto que o gozar as rexións dominantes de privilexios fiscales e de outros ordes, determiña que as tales inversións sexan mais rentabels fora de Galiza; de tal xeito os bancos galegos son os mais aitivos axentes do emprobecimento do noso país.

O sistema tributario aitual si é que se lle pode chamar sistema, xa que mais que nada é un verdadeiro instrumento de perseguizon asegún un proxeito de Alexandre Bóveda, teria de se trocar nun instrumento de tipo bancario, o traverso do cal se recadaría un imposto, único de acordo a unha moderna téinica recadadora. Estabeleceríase a libreta do contribuinte, pra que iste poidera pagar as cotas asegún lle conviñera, axustándo dende logo a normas estabalecidas, nas que se lle reconoscería un intrés especial polas cantidades adiantadas, eu un lóxico recargo polas atrasadas.

Os nenos galegos deprenderían a ler na fala materna, como o aconsellan as modernas práticas pedagóxicas en uso en todos los paises cultos, evitándolo de tal xeito coutar como agora acontece a normal evolución da sua persoalidade que tan graves complexos lle ven ocasionando. A Universidade galega, non sería mais un centro de capacitación superior onde se enseña a inorar e despreciar o propio país onde cumple o seu maxisterio, creando profesionaes que viven nun estado de colisión permañente co meio en que aitúan trocándose en instrumentos deformadores da persoalidade natural do noso povo.

En resumé: istas e outras moitas conquistas que somentes poderan ser conquerídas o traverso dunha Galiza gozando dun réxime de soberanía, ceibe de todo tutelaxe estragador do seu pulo vidal, velahí o vieiro do noso aicionar dos nosos patrióticos anceios. Somentes unha Galiza soberán e redimida poderá anovar a saiba que xace no ámago do seu ser.


# A NOSA TERRA

REGISTRO NACIONAL DE LA PROPIEDAD INTELECTUAL (en trámite)

Redacción: AVEIDA BELGRANO 2186


# BLASON DA LINGOA GALEGA

Por EMILIO GONZALEZ LOPEZ

Ningún tesouro de cantos forman a herdenza cultural de Galiza é pra nós tan valioso como ralgumes do noso ser e temperamento.

Na língoa galega é onde vive máis que en ningures o ritmo e a sensibilidade dos nosos primeiros devanceiros, das xentes que povoaban as terras de Galiza antes de que foran conqueridas polas lexiós de Roma; e nila tamén é onde se conserva o complexo mundo da língoa latina, coas suas vocales abertas e fechadas, que descoñecen outras falas románicas, antre elas o castelán. Por iso, falar a nosa língoa é facer revivir dentro de nós mesmos, no fondo da nosa i-alma, a voz dos nosos primeiros devanceiros, que, cada vez que falamos en galego semellan voltar á vida; e ás vegadas a propia terra galega semella que é ila que nos fala no doce acento da nosa língoa.

Terra e língoa son inseparábles, están tan fortemente unidos, co seus vellos moimentos da nosa cultura, que os castros e os dólmens, chegan polas terras de Asturias, Zamora ou León hasta onde se atopa a língoa, e desaparescen no momento en que se apagan os derradeiros ecos da nosa fala.

Na língoa galega vive o ritmo que é a vida do noso ser. Na sua entonación e nos seus soídos viven aínda os vellos acentos preromás, cecáis celtas; e tamén os latinos que foron incorporados á lingoa despóis. É extraordinaria a riqueza vocálica do galego —herdada polo portugués— pois os antergos acentos, que non se perderon coa conquista román, xuntáronse ós que trouxeron a Galiza os latinos. Perdeuse a primitiva fala do noso pobo, mais non se perdeu coila o seu acento e a sua entonación que ainda se conserva hoxe no galego, na lingoa neolatina que nós falamos.

Se a nosa língoa sabe distinguir, como no latín, antre acentos breves e longos, antre fechados e abertos, como en porto e porta, en outros casos como en óso (osamenta) e toro (cacho) soan na nosa fala matices vocálicos que non coñeceu o latín. En troques o castelán, que fonéticamente é herdeiro do vasco, non coñez nen o complexo mundo dos acentos latinos e menos ainda os acentos pre-romás célticos da nosa terra.

Ista gama de matices vocálicos que enriquece o galego, fixo dil, dende a sua aparición na historia das língoas modernas, o gran instrumento da poesía lírica chea de beleza e melodia.

A nosa fala, rítmica e melodiosa, en que nos semelia falar coa i-alma dos nosos devanceiros, é o lazo espritoal máis forte que nos une con outros pobos dos que nos separou o decorrer da historia.

A língoa galega é o lazo máis forte e máis entranáble que nos liga a Portugal, e o Brasil. I esta língoa, a galega, é o tesouro máis preciado que herdou o pobo portugués, que soupo facer dila unha rica xoia, mentres nós deixámola que se fora lixugando esquecida no curruncho do falado. Gracias a Portugal, máis que a nós mesmos, a nosa língoa, vestida cos máis vistosos traxes da cultura, espállase polos cinco continentes da terra. Témolos galegos a obriga de recadar pra nós, parte do traballo de desenrolar artística e culturalmente, en forma e en beleza, iste preciado tesouro cultural.

Nón é só con Portugal e o Brasil con quén nos une o soave e forte lazo da lingoa, senón que tamén por ila nos sentimos achegados —especialmente os galegos que como eu vivimos en terras que falan outras língoas europeias— a pobos que tiveron, fai séculos, unha comunidade de orixe connosco e que foise perdendo co decorrer da vida e da historia. Son os soídos e a entonación prerománica, que vive na nosa língoa, os que lle dan a todo galego —aínda a aquiles que falan en castelán— unha iñorme ventaxa pra se espresaren noutras língoas europeias de fondo fonético céltico, como Inglaterra, o céltico e latino, como Francia. É a nosa lingoa onde se descobren vellos e perdidos lazos que nos unían a ises pobos cos que tivemos noutros tempos estreitas relacións. E ista é, non outra, a razón de que María Victoria Casares, premio Nazonal francés pola sua correcta pronunciación na língoa, non teña acento extranxeiro na língoa francesa, e o teña entroques na castelán. E polos mesmos motivos Salvador de Madariaga fala os dous idiomas, o francés e o inglés, como se foran o propio.

Iste tesouro que nos une ós nosos devanceiros no pasado, e no presente coas xentes de outros pobos —con portugueses, brasileiros, e dun xeito menos forte con franceses e ingleses— dalle a todo galego que teña concencia da nosa fala unha clara visión dos dous mundos ligüisticos, e do castelán e o galego na sua lóxica proxeición cara a Portugal e o Brasil.

# FESTIVAL PATRIOTICO EN FENE

Con un alto de brilantes i-enxebres caraiterísticas, celebrouse o derradeiro 17 de Maio o "Dia das Letras Galegas" no Círculo Mercantil e Indutrial de Fene. No mesmo desenrolouse un programa de xerarquía artística e cultural abranguendo: Mostras do Libro Galego. Mostra de Pintura. Recitado de Poemas de Noriega Varela. Interpretacións da Nova Canzón Galega. Misa en Galego. Conferenza encol de Noriega Varela; pechándose o programa coa aituazón do coro Cantigas da Terra con Cantos i-estampas Galegas. Asisteu unha concurrenza numerosa i-entusiasta que celebrou compracida o desenrolo do alto, cordeado polo poeta Xosé María Pérez Parallé, a que ó seu remate aplaudeu ledamente compracida.

Compre por de releu que o "Círculo Mercantil e Industrial de Fene", ven comemorando con fidel enxebreza patriótica, o "Día das Letras Galegas" dende que o mesmo foi instituído no ano 1963 pola Academia Galega, polo que dende as ringleiras da emigrazón facémoslles chegar os nosos sinceiros parabéns.

FORTECER A CONCENCIA NACIONAL DO NOSO POVO É UN IMPERATIVO PATRIOTICO